

## A ESCOLA DA VIDA

# Comer na escola

29.08.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

En setembro, os políticos relacionados coa Educación van ter enriba da mesa algúns problemas importantes. Entre outros van estar: a ampliación das prazas nos comedores escolares, a aplicación da gratuidade restrinxida dos libros de texto, o traspaso do ciclo de educación infantil (0-3) á Consellería de Educación, a redacción do novo decreto do galego ou a redución de aulas polo declive de alumnos. Todo isto sen contar co que pode supoñer a gripe A e as súas consecuencias sobre as dinámicas do curso. Este vai ser un curso duro, máxime cando as decisións que foron tomando ata o de agora os responsables políticos parecen máis propostas eivadas, reconvertidas en globos sondas, que verdadeiros pasos adiante dentro dun plan ben deseñado para o de-senvolvemento do sistema galego.

A reclamación dos comedores escolares remóntase ao momento en que se pecharon pola substitución, pouco operativa, da xornada partida pola única. Dende entón, os pais optaron preferentemente polos centros concertados que os conservaron, e tamén polos que mantiveron a xornada partida, pois moitos deles nin tiñan xornada única nin posibilidade de atoparse na casa para darlles o xantar aos seus fillos. Este feito motivou que nacesse unha nova xeración de infantes: os nenos chave. Nenos que acaban pronto o colexio, e que van ás súas casas onde non atopan a ninguén; que abren coa súa propia chave; preparan o seu xantar ou quentan no microondas a friameira que lles deixou a nai preparada, e fan o que queren ata que chegan seus pais sobre as oito da tarde.

Volvendo ao dos comedores, estes, agora, xa non poden ser como os de antes, pois durante o lapso de tempo transcorrido, a sociedade cambiou moitos dos seus hábitos, e nun dos que o fixo de forma notable foi o do xantar.

A alimentación hoxe é percibida como algo importante, baseado en premisas como as de que unha boa saúde depende necesariamente dunha boa alimentación e de que a comer ben se aprende desde a infancia. E nesa aprendizaxe débese incluír unha boa e variada nutrición, e que estea axeitada ás actividades e ao momento evolutivo de cada persoa.

Este novo modelo de comedor escolar baseado na educación nutricional servirá para previr posteriores problemas de obesidade ou de carencias nos mozos.